

ORDENANZA FISCAL Nº 36 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL.

Artigo 1º- NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da *Constitución*, así como a regulación contida no art. 106 da *Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local* e de conformidade co disposto nos arts. 15 ó 19 en relación cos arts. 20 e seguintes do *Real decreto legislativo 2/2004*, polo que se aproba o texto refundido da *Lei reguladora de facendas locais*, establécese a taxa por prestación de servizos do conservatorio municipal.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos de ensino do conservatorio municipal.

O ensino ós integrantes a Banda de Música de Vilalba, do instrumento que tocan nela así como a materia de “*linguaxe musical*”, non constitúe un suposto de suxeición da presente taxa ó non apreciarse un beneficio particular que debe presidir en todo feito imponible gravado cunha taxa.

Artigo 3º- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o art. 33 da *Lei xeral tributaria* que resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que se detallan nesta taxa.

Artigo 4º- RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da *Lei xeral tributaria*.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades en xeral, nos supostos e co alcance do art. 40 da *Lei xeral tributaria*.

Artigo 5º- DURACIÓN DO SERVIZO.

A prestación do servizo abarcará desde o mes de outubro a setembro.

Artigo 6º.- TIPOLOXÍA DO ALUMNADO.

A.- Alumnos presenciais: Serán aqueles alumnos que unha vez obteñan praza continúen os seus estudos no conservatorio. Debemos distinguir aqueles alumnos empadroados dentro do municipio de Vilalba e aqueles que teñen a súa residencia oficial fóra do municipio.

B.- Alumnos exteriores: Serán aqueles alumnos matriculados en escolas de música ou academias de música independentes do conservatorio, e usen os servizos académicos deste para oficializar os estudos.

Artigo 7º- PRAZOS DE MATRICULA.

- A) Do 15 ó 30 de xuño matrícula alumnos presenciais.
- B) Do 15 ó 30 de setembro matrícula alumnos novo acceso.
- C) Do 15 de xuño ó 30 de setembro matrícula alumnos exteriores.
- D) Do 15 ó 31 de maio matrícula acceso a grao medio.
- E) Do 1 ó 28 de febreiro ampliación de matrícula.

Artigo 8º- INGRESO NOVOS ALUMNOS.

O ingreso de novos alumnos realizara e segundo o estipulado na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia (*orde do 14/4/2005*).

Artigo 9º- PRAZOS E FORMA DE PAGO DE TAXAS.

- 1º** O pago de matrículas poderase realizar das seguintes modalidades:
- a) Pago na súa totalidade, realizarase no mes de xuño ou setembro.
 - b) Pago fraccionado, realizarase un 1º pago durante o mes de xuño ou setembro do 50 % e un 2º pago do 50 % restante no mes de xaneiro.
- 2º** O pago das cotas poderase realizar das seguintes modalidades:
- c) Pago na súa totalidade, realizarase no mes de xuño ou setembro.
 - d) Pago fraccionado, realizarase un 1º pago durante o mes de xuño ou setembro do 50 % e un 2º pago do 50 % restante no mes de xaneiro.
 - e) Pago en 9 mensualidades comezando no mes de outubro ata o mes de xuño, ambos incluídos, entre os días 1 ó 5 de cada mes.
- 3º** Os alumnos presenciais poderán realizar unha reserva de praza pagando un importe de 30 € no mes de xuño, tendo que formalizar a súa matrícula no mes de setembro se desexa continuar estudos no conservatorio, perdendo o dereito ó dito importe en caso de non matricularse.

Artigo 10º- COTA TRIBUTARIA.

ANUAL	A.PRESENCIAIS EMPADROADOS	A.PRESENCIAIS EMPADROADO FAMILIA NUMEROSA	A.PRESENCIAIS NON EMPADROADOS	A.PRESENCIAIS NON EMPADROADOS FAMILIA NUMEROSA
G.ELEMENTAL LOGSE- MATERIA	59,00€	44,25€	66,00€	49,50€
G.MEDIO LOGSE- MATERIA	95,00€	71,25€	103,00€	77.25€
ACCESO A GRADO MEDIO	44,00€	33,00€	51,50€	38,60€
MÚSICA MOVEMENTO	35,00€	26,25€	41,00€	30,75€
COTA MENSUAL	11,00€	11,00€	11,00€	11,00€
CERTIFICADOS	8,00€	8,00€	8,00€	8,00€

** Los alumnos **exteriores** matricularanse na modalidade de **matricula exterior**, o importe da matricula coincidirá coa dos alumnos presenciais non empadroados, coa diferenza que unicamente satisfarán o importe da cota mensual aqueles meses en que asistan de maneira presencial ás clases do conservatorio.

As tarifas desta taxa serán as correspondentes ó curso de 2005/2006, podéndose efectuar as modificacións que sobre elas se consideren oportunas, seguíndose os trámites legais oportunos .

Artigo 11º- DEVENGO.

A taxa devéngase cando se confirme a admisión na actividade solicitada dentro do prazo establecido para tal efecto.

Artigo 12º- BAIXAS DURANTE O CURSO.

Baixa Voluntaria: En caso de baixa voluntaria o interesado deberá comunicarllo ó centro entre os días 1-5 de cada mes. En caso de baixa será efectiva no mes seguinte de cada mes.

Baixa por falta de pago: En caso de devolución dos recibos de pago notificaráselle ó interesado, dándolle un prazo de 15 días a partir da data de notificación para facer efectivo o ingreso correspondente. En caso contrario o alumno causará baixa no centro.

Aqueles alumnos que teñan algunha débeda pendente co conservatorio municipal non se poderán beneficiar de ningún dos seus servizos mentres non procedan ó pago dela.

Baixa xustificada: No caso de que ó alumno lle fose imposible asistir ó centro debido a causas alleas á súa vontade, comunicarllo de forma motivada por escrito ós servizos municipais do conservatorio. O director do centro emitirá un informe sobre a solicitude a cal será aprobada ou denegada pola Xunta de Goberno Local.

Artigo 13º- DEVOLUCIÓNS.

Tanto en caso de baixa voluntaria como de baixa por falta de pago non se devolverá o importe da matrícula. Unicamente deixarán de devengar a cota mensual a partir da efectividade da baixa.

En caso de aprobarse pola Xunta de Goberno Local unha baixa xustificada, poderase adoptar no mesmo acordo a devolución proporcional da matrícula segundo a proposta do director do centro.

Artigo 14º- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como as sancións que a estas correspondan, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e a desenvolven.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

PRIMEIRA- A presente ordenanza fiscal, e no seu caso as súas modificacións, entrarán en vigor no momento da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.